

ANUNCIO

O Alcalde o día 18/09/2025 ditou a seguinte resolución con número 607/2025:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA CUBRIR POR VACANTE POR XUBILACIÓN O POSTO DE ADMINISTRATIVO/A DA BIBLIOTECA MUNICIPAL

EXPEDIENTE:2025/E002/000003

ANTECEDENTES:

Logo de ver que con data 27/05/2025 e rexistro de entrada 2248, M^a Ángela López Vázquez, que ocupa o posto de administrativa na biblioteca municipal co código 06.01.02, presenta un escrito informando que: “O vindeiro 12 de setembro de 2025 é a data da miña xubilación”.

Logo de ver a proposta de data 11/08/2025 de Ana Mosteiro Sánchez concelleira responsable da área de Cultura, na que di o seguinte:

“ANA MOSTEIRO SÁNCHEZ, como responsable da área de Cultura

Logo de ver que con data 27/05/2025 e rexistro de entrada 2248, M^a Ángela López Vázquez, que ocupa o posto de administrativa na biblioteca municipal co código 06.01.02, presenta un escrito informando que: “O vindeiro 12 de setembro de 2025 é a data da miña xubilación”.

Logo de ver o obxecto das bases da convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionario/as interinos/as administrativos para o Concello de Melide publicadas no BOP nº 86 de data 08/05/2025:

“Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que rexerán a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de funcionarios/as interinos/as ADMINISTRATIVOS/AS, para a substitución transitoria dos/das titular/es da/s praza/s por incapacidade laboral temporal, vacacións e demais situacións análogas, así como para o caso de existencia de praza vacante, a execución de programas de carácter temporal e o exceso ou acumulación de tarefas, de conformidade co establecido no art. 10.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro e no art. 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a través do sistema de concurso oposición.

Os termos e condicións das prazas de administrativos/as obxecto da convocatoria son os que aparecen recollidos na Relación de Postos de traballo (RPT) aprobada no pleno do Concello de Melide na sesión celebrada o 3 de agosto de

2022, e publicada no BOP nº165 do 31 de agosto de 2022:

Códigos dos postos (10 POSTOS HOMOXÉNEOS): 01.01.02, 01.02.01, 01.02.02, 02.01.03, 02.02.03, 02.03.02, 03.03.01, 04.02.03, 06.01.02 e 06.01.12.”

Logo de ver o que di o punto 10.2 das ditas bases: “- Detectada a situación de necesidade e urxencia, a Alcaldía-Presidencia logo do certificado de consignación orzamentaria e dos informes da técnica de Administración Xeral -ou, no seu defecto, de Secretaría-, e da Intervención municipal, procederá mediante decreto ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista”.

PROPOÑO:

O chamamento da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as para cubrir a vacante por xubilación dende o día 12 de setembro de 2025 na da biblioteca municipal co código 06/01/02.”.

Logo de ver o obxecto das bases da convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionario/as interinos/as administrativos para o Concello de Melide aprobadas na XGL do 30/04/2025 e publicadas no BOP nº 86 de

data 08/05/2025:

“Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que rexerán a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de funcionarios/as interinos/as ADMINISTRATIVOS/AS, para a substitución transitoria dos/das titular/es da/s praza/s por incapacidade laboral temporal, vacacións e demais situacións análogas, así como para o caso de existencia de praza vacante, a execución de programas de carácter temporal e o exceso ou acumulación de tarefas, de conformidade co establecido no art. 10.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro e no art. 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a través do sistema de concurso oposición.”.

Logo de ver a base 10.- “Funcionamento da bolsa de traballo ou lista de emprego” das “Bases reguladoras da convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as”, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/04/2025 e publicadas no BOP nº 86 do 08/05/2025.

Logo de ver a Resolución nº 418/2025 de data 02/07/2025 e asunto: “Aprobación da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as”, publicada en igual data na sede electrónica, na que se resolve aprobar a seguinte bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a administrativo/a:

	Nome e Apelidos	MÉRITOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
1.	SONIA SEOANE MATO	9	8,91	9	26,91
2.	SANDRA PENAS RIVADULLA	9,10	6,93	8	24,03
3.	YOLANDA BARREIRO GAREA	6,80	7,92	8	22,72
4.	PAULA GONZALEZ RODRIGUEZ	1	8,58	8,50	18,08
5.	RAQUEL REGUEIRA FANDIÑO	0	8,58	9	17,58
6.	Mª EMMA CASTRO FERNANDEZ	3	8,91	5,50	17,41
7.	ANGEL CABO SALGADO	0	5,94	9	14,94
8.	ALMUDENA BURAN COLLADO	0,10	7,59	6	13,69
9.	JOSE F. GARCIA DOMINGUEZ	0,50	7,59	5	13,09

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 568/2025 de data 04/09/2025 e asunto “XUBILACIÓN FORZOSA DE MARÍA ÁNGELA LÓPEZ VÁZQUEZ, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGALMENTE ESTABLECIDA” (EXPEDIENTE:2025/G003/000616): “En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, RESOLVO:

PRIMEIRO. Declarar a xubilación forzosa por idade de María Ángela López Vázquez con NIF **1567**, persoal funcionario de carreira deste Concello (posto de administrativa na biblioteca municipal, código 06.01.02), con data do día 12 de setembro de 2025.

SEGUNDO. Dispor o cesamento no traballo do citado persoal funcionario a partir do día 12 de setembro de 2025, cos dereitos pasivos que lle correspondan.

TERCEIRO. Notificar á persoa interesada esta Resolución cos recursos que resulten pertinentes.

CUARTO. Dar conta desta Resolución ao Rexistro de Persoal, á Unidade de Destino, a Intervención e Tesouraría aos efectos oportunos.

QUINTO. Agradecer a María Ángela López Vázquez os servizos prestados nesta Administración.”.

Logo de ver a Acta de cese de María Ángela López Vázquez con efectos do día 12 de

setembro de 2025, asinada o día 11/09/2025.

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 469/2025 de data 22/07/2025 e asunto “Nomeamento de Sonia Seoane Mato a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as para a substitución transitoria de M^a José Sánchez González”, no que se acorda “PRIMEIRO: Nomear a SONIA SEOANE MATO con DNI ***9971** administrativa, funcionaria interina da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo/subgrupo: C1 e Nivel de complemento de destino: 22, en substitución transitoria de M^a José Sánchez González con DNI ***2740** dende o día 23/07/2025 ata a reincorporación da persoa substituída.(...)”,

Logo de ver a Acta de cese de Sonia Seoane Mato asinada o 16/09/2025, con efectos do día 12 de setembro de 2025.

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 503/2025 de data 12/08/2025 e asunto “PROVIDENCIA PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA CUBRIR POR VACANTE POR XUBILACIÓN O POSTO DE ADMINISTRATIVO/A DA BIBLIOTECA MUNICIPAL”: “(...) En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, RESOLVO:

PRIMEIRO: Que se una ao expediente o certificado de existencia de crédito da Intervención municipal e se informe pola técnica de Administración Xeral para proceder ao chamamento a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as para cubrir por vacante por xubilación o posto de administrativo/a da biblioteca municipal co código 06.01.02.

SEGUNDO: Que se de traslado do presente acordo a Intervención e á técnica de Administración Xeral.”

Logo de ver o certificado de intervención de existencia de crédito Ref.: 383M/2025 de data 13/08/2025: “Que de acordo cos datos que se desprenden da contabilidade municipal, existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2025 para proceder ao chamamento a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as para cubrir por vacante por xubilación (prevista na data 12/09/2025) o posto de administrativo/a da biblioteca municipal co código do posto segundo a RPT do Concello de Melide 06.01.02, na bolsa de vinculación xurídica (3-1) con cargo ás aplicacións orzamentarias 3321/120.03, 3321/121.00, 3321/121.01 e 3321/160.00”.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 14/08/2025, “ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA SUBSTITUCIÓN POR VACACIÓNS DA PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABAJO (ADMINISTRATIVA BIBLIOTECA)”, no que se conclúe: “INFÓRMASE FAVORABLEMENTE, unha vez declarada de oficio a xubilación forzosa da titular da praza á data do cumprimento da idade de 66 anos e 8 meses, ao chamamento a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de 1 funcionario/a interino/a por vacante por xubilación (prevista na data 12/09/2025) para o posto de administrativo/a da biblioteca municipal co código do posto segundo a RPT do Concello de Melide 06.01.02, conforme ao procedemento establecido no apartado 10 das bases. O anterior sen prexuízo de que haberá de incorporarse. en todo caso, ao presente expediente o preceptivo informe de fiscalización de intervención.”.

Logo de ver a Dilixencia de intervención Ref.:389M/2025 de data 14/08/2025: “Vistos os expedientes números 2025/G003/000551, 2025/E001/000003 e 2025/E002/000003 e de acordo co disposto no artigo 11 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, infórmase de CONFORMIDADE por parte desta Intervención municipal o chamamento a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as para cubrir unha vacante por xubilación prevista para o 12/09/2025 para o posto de administrativo/a da biblioteca municipal co código segundo a RPT do Concello de Melide 06.01.02, remitíndome ao disposto no informe específico favorable de secretaría e

intervención de data 29/04/2025 e de asunto: “CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO OU LISTAXE DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS ADMINISTRATIVOS/AS”, debendo ter en conta o último informe conxunto de secretaría e intervención de ref.:8 de 2/03/2022 de asunto: “Contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, e xestión de persoal”, todo elo sen prexuízo de que tal e como se sinala no informe da TAX de data 14/08/2025 sexa declarada de oficio a xubilación forzosa da titular da praza á data do cumprimento da idade de 66 anos e 8 meses.”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Tendo en conta a urxencia da contratación, proceder ao chamamento de SONIA SEOANE MATO con DNI ***9971** para cubrir o posto vacante por xubilación de administrativo/a da biblioteca municipal (código 06.01.02), para que no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación do presente acordo manifeste o seu interese na praza.

SEGUNDO. No caso de manifestar a seleccionada o seu interese no prazo dos 2 días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar no rexistro de entrada do Concello de Melide, os seguintes documentos en orixinal ou copia autenticada:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de NACIONALIDADE (DNI ou equivalente) e TITULACIÓN, así como da documentación acreditativa dos MÉRITOS alegados e valorados.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas (ANEXO IV).
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (ANEXO IV).

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.

CUARTO. Publicar no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 18 de setembro de 2025. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria en réxime de acumulación da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / María Pardo Quintana.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, venres 19 de setembro de 2025.

Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / María Pardo Quintana